

Zapatillas faladoras

Camiñar cara a un mundo máis xusto é o desexo do protagonista de *Lía e as zapatillas de deporte* e tamén a forma como María Reimóndez remata a historia que Edicións Xerais de Galicia vén de publicar na súa colección “Merlín.”

Unha nena séntese moi feliz cos agasallos que os Reis Magos deixaran este ano na súa casa, pola noite repasando mentalmente as cousas

Espertando sensibilidades



MARÍA NAVARRO

percibe algo estraño, érguese, examina o seu cuarto e bate con algo sorprendente: as zapatillas de deporte falan. A partir deste momento nada será igual para a pequena que entre abraio e desconcerto dispónse a emprender unha aventura que compartirá cos lectores e que non os deixará indifrentes.

Os lectores de nove anos en diante teñen nesta novela a oportunidade de imaxinar mundos máxicos que tenden á utopía nun mundo real: a ficción mergulla aos rapaces nun universo fantástico onde é posible que unas zapatillas de deporte falen, que durante a noite se visiten lugares afastados e que os sonhos se fa-

gan realidade. As referencias a determinadas prácticas reais invita os rapaces a reflexionar sobre cuestións descoñecidas, pero coas que conviven obviando o que sucede noutras partes do planeta no que eles son privilexiados.

É entre un plano e outro discorre unha historia tenra, triste e ategada de vontades que leva a Lía a prender a chispa que esperte a sensibilidade dos que están ao seu redor lendo, preguntando, informándose e estando ben atenta aos escintileos de ensoñación que lle proporcionan as súas zapatillas de deporte.

María Reimóndez, presidenta da Organización Non Governamental de Cooperación para o Desenvolvemento “Implicados/as no Desenvolvemento” aproveita a literatura para amosar dunha forma lúdica unha realidade que pouco ou nada ten que ver coa fantasía coa que os nenos do primeiro mundo se achegan ás historias de zapatillas voadoras, pero que garda un trasfondo de cruel realismo que é bo que estes nenos coñezan se queremos que eles reflexionen sobre a necesidade de colaborar na construción dun mundo máis xusto.

REIMÓNDEZ, María, *Lía e as zapatillas de deporte*, Ed. Xerais, Vigo, 2008 88 páxinas.

